



**GALICIA, S.A.**

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

## **CONTRATACIÓN**

---

### **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES SERVIZO**

*COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DOS TRABALLOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS  
AUTOESTRADAS AG-53 E AG-54 (2025-2029)  
ATSP250101*

**MARZO DE 2025**

## ÍNDICE

---

|                                                    |   |
|----------------------------------------------------|---|
| 1. OBXECTO.....                                    | 3 |
| 2. NORMATIVA DE APLICACIÓN .....                   | 3 |
| 3. DIRECCIÓN DOS TRABALLOS .....                   | 4 |
| 4. DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS .....                 | 4 |
| 5. DOTACIÓN DE MEDIOS .....                        | 5 |
| 5.1. PERSOAL .....                                 | 5 |
| 5.2. VEHÍCULOS E MEDIOS AUXILIARES.....            | 6 |
| 6. DURACIÓN DOS TRABALLOS. ....                    | 6 |
| 7. PAGO .....                                      | 7 |
| 8. RESPONSABILIDADES .....                         | 7 |
| 9. OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS DO CONTRATISTA ..... | 7 |
| 10. PRESUPOSTO .....                               | 7 |

## **1. OBXECTO**

O obxecto do presente prego de prescricións técnicas particulares é definir os traballos a realizar na execución do contrato de Servizo de *Coordinación de Seguridade e Saúde dos Traballos de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2025-2029)*”.

O obxecto do presente contrato é a prestación das funcións que a *Ley 31/1995, de prevención de riscos laborales*, a *Ley 54/2003* que reforma o marco normativo da prevención de riscos laborais, o *Real Decreto 171/2004* e o *Real Decreto 1627/1997*, asignan ó promotor que contrata con terceiros a realización de traballos, e, en particular, os de coordinación de seguridade e saúde. Tamén se inclúen as funcións de asesoría con relación ás medidas necesarias para facer efectiva a normativa vixente sobre prevención de riscos laborais nos traballos desenvolvidos polo persoal propio de SPI Galicia na conservación e mantemento de AG-53 e AG-54, e todas as demais prestacións que sexan esixibles sobre seguridade e saúde segundo o previsto pola lexislación vixente no que se refire ás obrigas e funcións establecidas para o promotor e para o coordinador de seguridade e saúde.

O ámbito de aplicación do contrato inclúe a coordinación de seguridade e saúde de todos os traballos realizados no desenvolvemento do contrato de *Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2025-2029)*, tanto directamente polo adxudicatario dese contrato, como subcontratadas por este, así como o asesoramento a SPI Galicia en relación cos mesmos traballos.

## **2. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Na execución deste contrato rexerán, ademais do presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares e do Prego de Cláusulas Administrativas do concurso, as seguintes normas e disposicións, sen carácter exhaustivo:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- R.D. 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvola parcialmente a lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- R.D. 1.098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.
- Orde Ministerial do 8 de marzo de 1972, pola que se aproba o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de estudos e servizos técnicos.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.
- R.D.L. 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
- Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.
- Texto refundido da Lei del Estatuto dos Traballadores, R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo.
- R.D. 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
- R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

- R.D. 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenrola o artigo 24 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais en materia de coordinación de actividades empresariais.
- O prego de prescricións técnicas particulares do contrato de servizo de operacións de conservación e mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025).
- Outra normativa vixente en materia de seguridade y saúde.

Do mesmo xeito, teranse en conta todo tipo de normas, regulamentos e disposicións oficiais que, sen mencionarse de forma expresa neste Prego, poidan afectar ó obxecto do contrato. Tamén se terá en conta calquera actualización, ou modificación da normativa vixente que poda xurdir durante o desenvolvemento deste contrato.

### **3. DIRECCIÓN DOS TRABALLOS**

Para os efectos previstos no Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de estudos e servizos técnicos, SPI Galicia designará un “director do contrato” obxecto deste prego.

O director realizará a supervisión do desenvolvemento do contrato co fin de que os traballos sirvan da mellor maneira ós intereses e obxectivos perseguidos por SPI Galicia.

En particular, o director determinará:

- Os prazos para a execución dos diversos traballos comprendidos no contrato que non estean definidos xa neste prego, e, en particular os sinalados polos diversos directores facultativos das obras.
- Calquera outra cuestión que sexa consecuencia do seu labor de dirección do presente contrato e que, ó seu xuízo, sexa necesaria para o cumprimento dos seus fins.

O director non será responsable nin directa nin solidariamente, do que, con plena responsabilidade técnica e legal, controle, defina, proxecte ou decida o consultor.

### **4. DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS**

SPI Galicia facilitará ó consultor toda a documentación relativa ós antecedentes administrativos do contrato e á situación actual (no momento do comezo da prestación) en canto afecte ós traballos a desenvolver.

Durante o desenvolvemento da prestación dos servizos, todas as relacións directas do consultor con SPI Galicia se realizarán unicamente a través do director do contrato ou das persoas nas que este delegue.

O consultor informará ó director do contrato sobre a marcha xeral dos traballos encomendados, no tempo en modo que crea adecuado este último.

Así mesmo, celebraranse reunións de traballo para resolver os posibles problemas que se presenten.

Dentro do servizo que se contrata, o Consultor estará obrigado, para o cumprimento dos obxectivos do presente contrato, a realizar os traballos e actividades seguintes:

- Revisar os plans de seguridade e saúde e, no seu caso, as súas modificacións, que elaboren as empresas que executen os traballos obxecto do contrato, ata chegar ó informe favorable. Este informe entregárase no prazo de cinco días hábiles dende a recepción polo consultor dos plans ou modificacións respectivos.
- Desenvolver durante a execución das obras obxecto do contrato, as funcións recollidas no artigo 9 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Supervisar o cumprimento da lexislación de prevención de riscos laborais de traballos para cuxa contratación

non se requira de proxecto, como, por exemplo, os contratos de vialidade invernal e conservación ordinaria, obras de emerxencia, etc...

- Verificar o cumprimento da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e do Real Decreto 1109/2007 de 24 de agosto, que a desenrola, no que se refire ás obrigas do coordinador.
- Validar e supervisar o procedemento proposto polo contratista para o control de acceso á obra, tanto das persoas como dos vehículos.
- Realizar e documentar as visitas regulares ás obras obxecto do contrato, co fin de garantir o cumprimento do Plan de Seguridade e Saúde e xestionar o Libro de incidencias, facilitado polo promotor, como medio de control e seguimento do dito Plan.
- Asistir e documentar as reunións de seguridade e saúde das obras obxecto do contrato, onde se analizarán entre outras: as irregularidades detectadas en materia de prevención dende a reunión anterior; información dos accidentes e incidentes; descrición dos traballos a realizar no próximo período, debatendo as posibles interferencias, riscos e medidas preventivas; propostas ou queixas en materia preventiva. Redactarase un acta que será firmada polos asistentes. Estas reunións realizaranse cando menos mensualmente, e sempre que vaian a realizarse novos traballos.
- Avisar inmediatamente no caso de xurdir calquera anomalía importante.
- Asesorar ó director do contrato en materia de seguridade e saúde en todos os casos que o requiran.
- Realizar un informe de investigación en caso de accidente laboral grave ou mortal nos traballos obxecto do contrato.
- Elaborar un informe mensual para o director do contrato, que recolla todos os traballos realizados durante o mes anterior e un resumo dos informes realizados en cada actuación coas cuestións máis relevantes. O prazo para a entrega deste informe será de dez días a contar dende o final do mes correspondente.
- Entregar, á finalización do contrato, ó director do mesmo, e en soporte dixital, un informe resume de todos os traballos realizados.
- Todas as demais prestacións que sexan esixibles sobre seguridade e saúde, segundo o previsto na *Ley 31/1995* e no *Real Decreto 1627/1997* e outras funcións en materia de seguridade e saúde, que lle sexan encomendadas polo director do contrato.

## **5. DOTACIÓN DE MEDIOS**

### **5.1. PERSOAL**

A dotación de medios humanos que o adxudicatario dedicará a estes traballos será, como mínimo, a seguinte:

- 1 coordinador en materia de seguridade e saúde coa dedicación indicada no cadro de valoración, con titulación de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou titulación de grado (Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais) ou equivalente ás titulacións anteriores, que posúa á formación para o desempeño de funcións de técnico medio en prevención de riscos laborais, de conformidade co anexo VI do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, coa especialidade de seguridade no traballo.

- Contará cunha experiencia mínima de 5 anos participando na execución de contratos similares, entendendo como tales os de coordinación de seguridade saúde en obras de construción lineais (é dicir,, obras en materia de estradas ou de infraestruturas de ferrocarrís).
- O coordinador de seguridade e saúde terá as responsabilidades e as funcións establecidas no Real Decreto 1627/1997, ademais de desenvolver outras funcións en materia de seguridade e saúde que lle sexan encomendadas polo director do contrato.
- Esixirase ao adxudicatario que o persoal proposto na oferta estea cualificado para levar a cabo os traballos obxecto do contrato. Calquera cambio no equipo proposto na oferta deberá ser aprobado polo director do contrato e terá que cumprir co perfil ofertado no procedemento de licitación.
- A dedicación do equipo será a necesaria para a realización dos traballos, garantíndose plena dispoñibilidade en calquera momento que o director do contrato o solicite.
- O consultor porá ademais a disposición do contrato o persoal administrativo e auxiliar que sexa necesario para a realización das actividades contratadas.
- No caso de que, a xuízo do director do contrato, o funcionamento e o traballo realizado por unha ou varias das persoas definidas anteriormente, non sexa conforme coa finalidade e os requirimentos establecidos, poderá desautorizar e relevar das súas funcións con respecto a este contrato ó persoal cuestionado, tendo que ser renovado polo adxudicatario con outro persoal que cumpra as esixencias requiridas.

## **5.2. VEHÍCULOS E MEDIOS AUXILIARES**

Poranse a disposición do contrato os vehículos necesarios para os desprazamentos do persoal indicados na táboa de valoración, dentro e fora da obra, así coma os equipos e medios auxiliares necesarios para a execución do contrato, incluíndo o equipamento e roupa de traballo, equipos de protección individual, medios informáticos e fotográficos, así como teléfono móbil con contrato de voz e datos. O adxudicatario deberá executar os traballos do contrato de acordo cos progresos tecnolóxicos que se experimenten ó longo do prazo contractual.

## **6. DURACIÓN DOS TRABALLOS.**

Os traballos de coordinación de seguridade e saúde comezarán a realizarse na mesma data na que comece a execución do novo contrato do servizo de operacións de conservación e mantemento, o que está previsto para o 1 de outubro de 2025.

Con carácter previo a esta data, dentro do mes anterior á mesma, o adxudicatario deberá revisar e informar o plan de seguridade e saúde presentado polo contratista principal dos traballos de conservación, para a súa aprobación por SPI Galicia.

O período de duración do contrato será de corenta e oito (48) meses, prorrogables por doce (12) meses máis, por decisión de SPI Galicia, nas condicións establecidas no artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Finalmente, no prazo máximo dun (1) mes dende a finalización dos anteriores traballos de coordinación de seguridade e saúde, o adxudicatario deberá redactar un informe final, no cal se reflexen todos os fitos relevantes e se resuman todas as incidencias producidas durante a execución do contrato.

A dedicación ó longo da duración da obra será variable, estando en función da intensidade dos traballos de conservación e mantemento ó longo do seu período de execución.

## **7. PAGO**

Os traballos se abonarán en certificacións mensuais segundo a mensualidade establecida na valoración do servizo, engadidos os traballos iniciais na certificación que corresponda, e afectados os importes polo coeficiente de adxudicación. Os traballos finais se abonarán trala súa realización, nunha certificación final independente.

## **8. RESPONSABILIDADES**

O contratista consultor, o delegado e os coordinadores serán responsables da calidade técnica da prestación que desenvolvan, así como das consecuencias das posibles insuficiencias, omisións ou erros ante a execución do contrato.

O adxudicatario subscribirá un seguro de responsabilidade civil acorde co indicado no Prego de Cláusulas Administrativas, para o delegado y para cada un dos coordinadores que interveñan no desenrolo dos seus traballos, que cubrirá as posibles responsabilidades que les podan ser imputadas.

## **9. OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS DO CONTRATISTA**

O contratista consultor está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Prevención de Riscos Laborais. O incumprimento destas obrigas por parte do contratista consultor no implicará ningunha responsabilidade para SPI Galicia.

## **10. PRESUPOSTO**

O presuposto base de licitación, segundo a estimación realizada, ascende a cantidade de 87.107,54 €, máis o IVE correspondente.

O valor estimado do contrato, IVE excluído, ascende a 108.349,47 €.

**ANEXO Nº 1. PRESUPOSTO ESTIMADO**

Clave: Contrato: **Coordinación de seguridade e saúde dos traballos de conservación e mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 no período 2025-2029**

| ORZAMENTO ESTIMADO                    |         |                                                                                     |    |            |                             |             |              |
|---------------------------------------|---------|-------------------------------------------------------------------------------------|----|------------|-----------------------------|-------------|--------------|
| Capítulos                             | Partida | Traballos                                                                           | Ud | Prezo      | Medición                    | Importe     |              |
| 01 Traballos previos                  |         |                                                                                     |    |            |                             | 1.059,66 €  |              |
| 01.01                                 | PA0001  | Revisión e emisión de informe sobre o plan de seguridade e saúde para su aprobación | ud | 1.059,66 € | 1,000                       | 1.059,66 €  |              |
| 02 Coordinación de seguridade e saúde |         |                                                                                     |    |            |                             | 71.401,44 € |              |
| 02.01                                 | PA0002  | Mes de traballos de campo de coordinación de seguridade e saúde                     | ud | 1.199,50 € | 48,000                      | 57.576,00 € |              |
| 02.02                                 | PA0003  | Emisión de informe mensual de traballos de coordinación de seguridade e saúde       | ud | 288,03 €   | 48,000                      | 13.825,44 € |              |
| 03 Informes finais                    |         |                                                                                     |    |            |                             | 738,51 €    |              |
| 03.01                                 | PA0004  | Emisión de informe final de coordinación de seguridade e saúde                      | ud | 738,51 €   | 1,000                       | 738,51 €    |              |
| Orzamento de execución material       |         |                                                                                     |    |            |                             | 73.199,61 € |              |
|                                       |         |                                                                                     |    |            | Gastos xerais               | 13,00%      | 9.515,95 €   |
|                                       |         |                                                                                     |    |            | Beneficio industrial        | 6,00%       | 4.391,98 €   |
|                                       |         |                                                                                     |    |            | Orzamento líquido (sen IVE) |             | 87.107,54 €  |
|                                       |         |                                                                                     |    |            | IVE                         | 21,00%      | 18.292,58 €  |
|                                       |         |                                                                                     |    |            | Orzamento líquido           |             | 105.400,12 € |

Clave: Contrato: **Coordinación de seguridade e saúde dos traballos de conservación e mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 no período 2025-2029**

**VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

Ampliación do prazo de execución da obra e modificacións no proxecto

Meses adicionais máximos: 12

| Capítulos | Partida | Descrición partida                                                            | Ud | Prezo      | Medición | Importe     |
|-----------|---------|-------------------------------------------------------------------------------|----|------------|----------|-------------|
|           | PA0002  | Mes de traballos de campo de coordinación de seguridade e saúde               | ud | 1.199,50 € | 12,000   | 14.394,00 € |
|           | PA0003  | Emisión de informe mensual de traballos de coordinación de seguridade e saúde | ud | 288,03 €   | 12,000   | 3.456,36 €  |

**Execución material** **17.850,36 €**

Gastos xerais 13,00% 2.320,55 €

Beneficio industrial 6,00% 1.071,02 €

**Orzamento líquido modificacións (sen IVE) 21.241,93 €**

**Valor estimado do contrato (sen IVE) 108.349,47 €**

## **ANEXO Nº 2. DECLARACION DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES**

Co obxecto de garantir a imparcialidade no presente procedemento de contratación, o abaixo asinante, como participante no proceso de preparación, tramitación, e/ou execución do expediente, declara:

**Primeiro.** Estar informado do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento, e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ó servizo das Administracións nos cales se dea algunha das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
  - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou en outro en cuxa resolución puidese ter influído a de aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
  - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
  - c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
  - d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento do que se trate.
  - e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

**Segundo.** Que non se atopa incurso en algunha situación que poda cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que poda afectar ó procedemento de licitación.

**Terceiro.** Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea, ou tivese podido dar lugar a dito escenario.

**Cuarto.** Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

*Na data da firma electrónica,*

Enrique Couselo Pan  
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos  
Director de Explotación de AG-53 e AG-54